

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	CANGAS
<b>Edificio</b>	Capela de San Brais e a Madalena
<b>Dirección</b>	Lugar da Madalena, 60. Parroquia de Darbo. 36949
	42.283759 -8.783684
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>Trátase dunha construción do século XII dunha soa nave e de ábside rectangular. Ten unha porta adintelada no muro meridional e outra no occidental cun tímpano. A ábsida contempla un único elemento decorativo, un carneiro sobre o que se atopa unha cruz de círculo central. O aleiro é soportado por canzorros románicos sinxelos e rematados con dous carneiros.</p> <p>Esta igrexa tamén serviu durante séculos como punto de peregrinación daqueles que padecían o mal da lepra. A causa do seu deterioro, no ano 1598, o arcebispo Don Xoán de San Clemente mandouna derrubar, para ser posteriormente reedificada no século XVII; conservando afortunadamente sobre o piñón testeiro do ábside o “Agnus Dei”, que nos recorda a súa orixe medieval. Erradicada a epidemia da lepra, esta ermida adícouse a San Blas bispo e mártir no 316 moi popular durante a Idade Media que exerceu a medicina. Un dos seus milagres sucedeu cando se atopaba no cárcere e unha nai levoulle o seu fillo esganado cunha espiña, para que lle devolvera a vida. O ritual de petición empregado polos fieis consiste en colocar dúas velas cruzadas sobre a súa cabeza e tocarlle con elas a gorxa. Este santo represéntase portando nunha man as dúas velas cruzadas e na outra un peite de ferro, xunto co neno que salvou.</p>
<b>Campás</b>	1 campá.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	CARRERA, Anxo & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	26-03-2026

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Única.</u>	<u><a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a></u>	1988	45	53

Información completa: [Capela de San Brais e a Madalena - CANGAS \(GALICIA\)](#)

PDF (22-05-2026)